



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 588/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10 DE XUÑO DE 2019.

FESTAS

- 1.- Proposta de autorización de asistencia técnica para valoración do sobre B das proposicións económicas que se presenten no contrato de servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos. Expte. 7922/335.
- 2.- Designación de mesa de contratación específica para os tres procedementos abertos para “contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa *Vigo en Festas 2019* no Auditorio de Castrelos”, “subministro dun videomarcador electrónico para pavillón central de as Travesas” e “arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas”. Expte. 7922/335.

SERVIZO ÁREA DE CULTURA

- 3.- Revisión de prezos do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas”. Expte. 14147/331.

SERVIZOS XERAIS

- 4.- Proposta para a continuidade na prestación do Servizo de Limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas. Expte. 1316/440.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria na súa Sala o día **10 de xuño de 2019, ás 17,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez